

DECRETO

MODIFICACIÓN DO DECRETO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, PARA O NOMEAMENTO DE DONA IRIA BUÍDE PENA COMO CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO (2025/G001/002326).

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo, don Rubén Arroxo Fernández.

O 30 de abril de 2024 aprobouse o Decreto 4036/2024, de organización municipal.

O 30 de xaneiro de 2025, o Excmo. Concello Pleno adoptou o Acordo número 16/16 polo que se tomou razón e se aceptou a renuncia ao cargo de concelleiro, formulada por don Felipe Rivas Jorge, pertencente ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e se declarou a vacante na corporación.

O 27 de febreiro de 2025 tomou posesión como concelleira desta corporación dona Iria Buíde Pena, que se incorporou ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, logo do escrito presentado no Rexistro de Pleno -con esa mesma data- polo portavoz do referido grupo, en cumprimento do establecido no artigo 29.2 do ROMP segundo o cal: *“Os membros da Corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da Corporación incorporaranse ó grupo correspondente á lista na que concorren ás eleccións. A incorporación debe facerse no prazo de dez días hábiles a partir da toma de posesión e mediante escrito dirixido á Presidencia e presentado no Rexistro do Pleno”*.

Por outra banda, Excmo. Sr. alcalde en funcións, don Rubén Arroxo Fernández, manifestou por escrito número 91/2025 presentado no Rexistro do Pleno o día 5 de marzo de 2025 que a dita concelleira exercería as mesmas funcións que o concelleiro cesante, polo que se lle atribúe a Concellería Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, que se enmarca dentro da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, á fronte da que se atopa a cuarta tenente de alcaldesa, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE:**

Modificar o parágrafo DÉCIMO.3 do Decreto número 4036/2024, do 30 de abril, que quedará redactado como segue:

ACTAS E GOBERNO

AMRG/JDR

Refº: ispac2030308017624235140.doc

Asunto: MODIFICACIÓN DECRETO 4036/2024 DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

“**DÉCIMO.-** As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

...

3 en DONA IRIA BUIDE PENA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO,**”

Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralle notificado á interesada, e a delegación de atribucións conferidas –para a súa eficacia- requirirá ser aceptada por parte da delegada, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente, na data que se indica na marxe, polo Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.